

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA**

ANUNCIO de aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas da vía Cerdedo-Caroi.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cerdedo-Cotobade, en sesión ordinaria celebrada o 3 de maio de 2023, adoptou acordo de aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas da vía Cerdedo-Caroi.

De conformidade co disposto no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese o expediente a información pública polo prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da última publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal *Diario de Pontevedra*.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado/a na casa do concello (Chan, 11, Carballedo), das 9.00 ás 14.00 horas, para formular as alegacións que se consideren pertinentes, así como na sede electrónica da entidade (<http://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/info.0>).

De acordo co disposto no artigo 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 86 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, suspéndese o procedemento de outorgamento de licenzas en todo o ámbito do Plan especial de infraestruturas e dotacións.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados desde esta aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do plan especial.

Cerdedo-Cotobade, 3 de maio de 2023

Jorge Cubela López
Alcalde

